

## AS MULLERES DO MONTE (LEMBRANZAS E PANTASMAS DUN NENO DA POSGUERRA)

A publicación en lingua galega (Editorial Galaxia) do volume *As mulleres do monte (lembranzas e pantasma dun neno da posguerra)*, supón unha achega de gran valor tetemuñal ao territorio da memoria do século XX. O xornalista **José Antonio Gurriarán**, especialista na investigación do mundo dos guerrilleiros do que se chamou *o maquis*, ofrece unha narración de singular importancia na que se expoñen casos concretos, documentados, da guerrilla posterior á Guerra Civil no Barco de Valdeorras e o Bierzo, xunto con achegas gráficas. O libro está baseado en testemuñas das comarcas citadas, que son as que Gurriarán estudou máis profundamente (O Barco, Ponferrada, Columbianos, La Cabrera, Val do Casaio, Carucedo, A Raia hispano-portuguesa, etc).

